

Construíndo Galiza



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Guitiriz homenaxea a Díaz Castro no centenario do seu nacemento

Coincidindo co centenario do nacemento do autor de *Nimbos*, o 19 de febreiro, Guitiriz acollerá diversos actos o vindeiro mércores entre os que se inclúe a inauguración dunha exposición sobre Díaz Castro na Casa Habanera, a presentación dun libro de Armando Requeixo sobre o autor e a estrea do documental de Xosé Antonio Cascudo baixo o título de 'O instante eterno'.

/ Enviado por redactor o Ven, 14/02/2014 - 11:11

[Envía a túa opinión \(/comment/reply/5190\)](#)

Antes do 17 de maio, Día das Letras Galegas, Guitiriz conmemora ao homenaxeado no día do seu centenario. Este 19 de febreiro, diferentes puntos do municipio acollerán actividades en torno á súa figura para achegar un pouco máis a súa vida e obra ao ámbito escolar e para honrala no eido cultural.



http://www.terrachaxa.com/sites/terrachaxa.com/files/diaz_castro.jpg

Xosé María Díaz Castro.

Cultura (/category/categor%C3%AD-das-novas/cultura) Deste xeito, o vindeiro mércores, coa implicación de diversos organismos, Guitiriz acollerá unha xornada de actos na memoria do poeta dos Vilares. Pola mañá celebraranse actos dirixidos aos máis pequenos, para deixar paso, pola tarde, á participación cidadá por completo.

Ás dez e media da mañá a Casa Habanera comezará a recibir aos escolares dos CEIP de Parga e Guitiriz para visitar a exposición sobre Díaz Castro que rematará coa actuación de 2na Fronteira co seu espectáculo musical "Zapatiños para Díaz Castro" que pon música aos versos de *Nimbos*.

A partir das doce e media serán os alumnos e alumnas do instituto guitiricense, que leva o seu nome, os que protagonicen a festa do poeta que contará tamén coa participación do CPI Friol e o IES Urbano Lugo da Coruña.

AELG, Xunta e Xermolos homenaxean a Díaz Castro

Xa pola tarde, arredor das cinco, está prevista a realización dunha ofrenda poético-floral ao escritor no cemiterio de Guitiriz baixo a organización da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega.

Arredor das seis da tarde será cando se inaugure na Casa Habanera a exposición "Nimbos de luz" da Xunta de Galicia; para deixar paso á presentación do libro de Armando Requeixo *Xosé María Díaz Castro. Vida e obra*, arredor das sete da tarde.

Finalmente, a xornada de lembranza a Díaz Castro no centenario do seu nacemento rematará coa estrea do documental de Xosé Antonio Cascudo, 'O instante eterno'.

Seminario 'Díaz Castro: transferencias poéticas e visuais'

Precisamente sobre a perspectiva recollida neste proxecto audiovisual, o seu director, conducirá un seminario para achegar ao público xeral a figura do poeta dos Vilares. Serán un total de tres xornadas, organizadas pola Concellería de Educación e Cultura coa colaboración da Asociación Cultural Xermolos e a Asociación de Escritores en Lingua Galega, que se celebrarán na Casa Habanera de Guitiriz os sábados 22 de febreiro e 1 e 8 de marzo entre as seis e as oito da tarde.